




Cúmprese en maio de 2019 cincocentos anos do falecemento dun xenio: Leonardo da Vinci. Sabías que na biblioteca do centro

podes deleitarte con estes dous excelentes libros sobre este excepcional humanista? É a mellor homenaxe que lle podes render.



De seguro que es unha persoa sensible, capaz de emocionarte ante unha fermosa paisaxe, ante un rostro expresivo...


Mirar a pintura ofréceche a oportunidade de enriquecer a túa ollada e de descubrir atractivos segredos nos cadros seleccionados.

Nesta mesma liña de valoración da arte e, mesmo do noso rico patrimonio artístico, velaquí a amena *Guía ilustrada da catedral de Santiago*.



Ante todo moita calma! Desde a Biblioteca non esquecemos ao alumnado de Ciencias. Por iso, nesta variada selección, queremos destacar os ricos

fondos que agardan por vós: *Gran atlas de los océanos* ou *Ciencia mágica* son tan só unha mostra da nosa oferta.



Tócalle o turno á ficción pois en período vacacional haberá tempo para

moito lecer e descanso abondo, pero tamén para a lectura.

Iniciamos o noso surtido con dúas acertadas seleccións de historias: *Relatos de monstruos* e *Relatos de fantasmas*. En ambas coleccións poderás recoñecer as mellores firmas no xénero do relato breve.



Quen xa leu *Wonder* non dubidaría en aconsellarche esta novela recentemente adaptada ao cinema: a emotiva historia do cativo que, a causa dun trastorno xenético, debe aprender a convivir coa súa malformación craneofacial e co conseguinte rexeitamento que derperta nos demais.



O seguinte consello de lectura vén avalado pola morea de empréstitos de dous cómic que arrasaron durante este primeiro trimestre: *Happy!* e *Croqueta y empanadilla*. Se aínda non pasaron polas túas mans, que saibas que crean adición... pero da sá.



Outras propostas de cómic que suxerimos son *Ardalén* pois, coma sempre, hai que quitarse o sombreiro ante o noso paisano Miguelanxo Prado; e *Horimiya* xa que

somos conscientes de que sodes moitos e moitas os fans do manga.



Por se che apetece disfrutar en familia ou cos teus amigos/-as dunha boa "sesión de tarde" vendo bo cine..., nin te imaxinas a variada selección de películas entre as que podes elixir. Tan só para ir abrindo boca, estas son as que che presentamos nesta ocasión:




"Libro é luz. É sol que descorre o veo da noite, que afasta as tebras coma quen abre un mar vermello para nos dar paso cara á terra prometida."

Xabier P. Docampo



BOLETÍN DE RECOMENDACIONES (NADAL 2018-2019)

E, como tirada de fogos no remate deste boletín, aí vos deixamos outras suxerencias ben distintas entre si por se queredes caer na trampa:



*Bo Nadal a todas e a todos!
E mellores lecturas...!*

BIBLIOTECA DO IES MENDIÑO